

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25 DE SETEMBRO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 39 DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2014.**

Acordouse aprobar a acta N° 39 da sesión celebrada o día 15 de setembro de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para impermeabilización de patio interior do edificio sito na r/ C, 26, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de ICIO.

2.2.- Acordouse a eficacia da comunicación previa de obras para reparar tellado no



Secretaría Xeral

lugar de Prado, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal do día 18/09/2014 en concepto de ICIO por 113,40 euros. Consta no expediente o ingreso na Tesourería municipal polo mencionado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADES.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- INFORMACIÓN S URBANÍSTICAS.

4.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal en relación á concesión dun caudal de auga, procedente dun manancial, no lugar de Zarra da Xestas-Camposancos, e notificar este acordo a Augas de Galicia e ao solicitante.

4.2.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo arquitecto técnico municipal sobre información urbanística relativa á finca con referencia catastral 36024A26800255.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse adjudicar a obra denominada “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS” (PUSIM/2014) (CO052014), á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. con CIF núm. B-36052876 por un importe de 373.982,81 € máis a partida de 78.536,39 €, resultando un importe total de 452.519,20 €, por ser a oferta que obtivo a maior puntuación nas dúas fases da licitación e xa que logo a oferta economicamente máis vantaxosa.

5.2.- Acordouse adjudicar a subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS QUÍMICOS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DE LALÍN” (CSU052014), a PROQUIDEZA, S.L., polo importe máximo anual de 3.496,00€ (IVE incluído) e inadmitir a proposición presentada por BLUETEK WATER TREATMENT, S.L.U., por non resultar acreditada a solvencia técnica da empresa por non ter acreditada a realización de subministracións similares nos 3 últimos anos.

5.3.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS S.A a PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LALÍN (CSE182012) por un máximo de dous (2) anos.



6.- EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN SUE-4.

6.1.- Acordouse aprobar o Documento de Inicio Modificación do Plan Parcial “Estrada de Lugo” SUE – 4, redactado polo arquitecto D. Luis Fernández Fernández de data maio de 2014 xunto co informe emitido polo asesor urbanístico do Concello, D. Javier Bugallo Thielen e remitir a antedita documentación á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que determine a necesidade de sometelo expediente ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

7.1.- Acordouse aprobar as bases de selección e contratación dos/as titores/as de inserción laboral para o desenvolvemento do programa integrado para o emprego Emprande Lalín.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de 95,727,29 €.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.


9.1.- Acordouse aprobar unha nova convocatoria de bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo. Curso 2014/2015 e autorizar gasto por importe de 22.000 €.

9.2.- Acordouse deixar sen efecto as s bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2014/2015 actualmente en vigor e que se publicaron no boletín oficial da provincia de Pontevedra en data 27 de agosto.

9.3.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 150,04 euros.

9.4.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade que será aboada directamente á empresa Gas Natural Fenosa por importe de 102,60 €.

9.5.- Acordouse desestimar a reclamación presentada por **unha usuaria** de anulación dos recibos pendentes de pago da Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións



Secretaría Xeral

deportivas municipais do Concello de Lalín correspondentes ás mensualidades de xuño e xullo.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Acordouse desestimar a petición de copia do proxecto de execución do edificio sito na rúa Álvaro Cunqueiro, núm. 9, estudo xeotécnico e póliza de seguro decenal por non existir dous dos documentos solicitados que son o estudo xeotécnico e a póliza de seguro decenal, e permitir o acceso ó expediente podendo examinalo.

10.2.- Acordouse desestimar e rexeitar o uso do Salón de sesións do Concello vello para realizar unha reunión con veciños de Lalín co fin de tratar temas da actualidade política, social e cultural o día 26 de setembro de 2014 a partires das 21:00 horas.

10.3.- Acordouse dar traslado dun escrito presentado pola Asociación Provincial de Autopatronos de Taxi á Policía Local, á Xunta de Galicia e á entidade que presentou o escrito, así como ás empresas Presas e á empresa Mosqueraen relación ás paradas.

=====

L

K

M

O